

Nº	Galego	Castellano
1	<p>As seguintes accións poden constituír falta leve, cal NON é correcta, segundo o Convenio Colectivo do PAS laboral da USC?</p> <p>a) O incumprimento dos deberes e obrigas do traballador.</p> <p>b) O descoido ou negligencia no exercicio das súas funcións.</p> <p>c) O incumprimento das ordes e instrucións dos superiores.</p>	<p>Las siguientes acciones pueden constituir falta leve ¿Cuál NO es correcta, según el Convenio Colectivo del PAS laboral de la USC?</p> <p>a) El incumplimiento de los deberes y obligaciones del trabajador.</p> <p>b) El descuido o negligencia en el ejercicio de sus funciones.</p> <p>c) El incumplimiento de las órdenes e instrucciones de los superiores.</p>
2	<p>A representación do PAS no Claustro Universitario da USC será de:</p> <p>a) 30 membros.</p> <p>b) 27 membros.</p> <p>c) 24 membros.</p>	<p>La representación del PAS en el Claustro Universitario de la USC será de:</p> <p>a) 30 miembros.</p> <p>b) 27 miembros.</p> <p>c) 24 miembros.</p>
3	<p>Na protección fronte aos riscos laborais e en relación aos equipos de protección individual, sinala a opción correcta:</p> <p>a) Deberán ser proporcionados polo empresario aos traballadores e estes deberán usalos, excepto naqueles traballos nos que eles estimen que non existe risco.</p> <p>b) Non constitúen a primeira opción xa que só deberá recorrerse a eles cando os riscos non se poidan evitar ou limitar suficientemente aplicando medidas de protección colectiva.</p> <p>c) Os traballadores deben procurarse os seus propios equipos de traballo.</p>	<p>En la protección frente a los riesgos laborales y en relación a los equipos de protección individual, señale la opción correcta:</p> <p>a) Deberán ser proporcionados por el empresario a los trabajadores y estos deberán usarlos, excepto en aquellos trabajos en los que ellos estimen que no existe riesgo.</p> <p>b) No constituyen la primera opción ya que solo deberá recurrirse a ellos cuando los riesgos no se puedan evitar o limitar suficientemente aplicando medidas de protección colectiva.</p> <p>c) Los trabajadores deben procurarse sus propios equipos de trabajo.</p>
4	<p>O alumnado da USC ten garantido o dereito a atención en galego por parte dos membros dos cadros de persoal da USC?</p> <p>a) Non existe garantía dese dereito, trátase só dun principio inspirador da política universitaria.</p> <p>b) Si porque así está establecido no Estatuto básico do empregado público.</p> <p>c) Si no que se refire ás comunicacións escritas que se dirixan a eles, pero non necesariamente cando a atención sexa oral.</p>	<p>¿El alumnado de la USC tiene garantizado el derecho a la atención en gallego por parte de los miembros de los cuadros de personal de la USC?</p> <p>a) No existe garantía de ese derecho, se trata solo de un principio inspirador de la política universitaria.</p> <p>b) Sí porque así está establecido en el Estatuto básico del empleado público.</p> <p>c) Sí en lo que se refiere a las comunicaciones escritas que se dirijan a ellos, pero no necesariamente cuando la atención sea oral.</p>

Nº	Galego	Castellano
5	Segundo o artigo 45 dos Estatutos da USC, que órgano aprobará as liñas xerais do plan xeral de formación para o PAS? a) O Claustro por proposta do Consello de Goberno. b) O Consello Social por proposta do Consello de Goberno. c) O Consello de Goberno, por proposta da xerencia.	Según el artículo 45 de los Estatutos de la USC ¿Qué órgano aprobará las líneas generales del plan general de formación para el PAS? a) El Claustro por propuesta del Consejo de Gobierno. b) El Consejo Social por propuesta del Consejo de Gobierno. c) El Consejo de Gobierno, por propuesta de la gerencia.
6	Con respecto aos dereitos fundamentais e liberdades públicas do Capítulo II do Título I da Constitución Española, sinale a opción correcta: a) Todos teñen eficacia directa, logo son esixibles directamente en base ao estipulado na Constitución. b) Todos teñen garantida a súa defensa mediante o recurso de amparo. c) Todos teñen reservada a súa regulación a unha lei orgánica.	Con respecto a los derechos fundamentales y libertades públicas del Capítulo II del Título I de la Constitución Española, señale la opción correcta: a) Todos tienen eficacia directa, luego son exigibles directamente en base a lo estipulado en la Constitución. b) Todos tienen garantizada su defensa mediante el recurso de amparo. c) Todos tienen reservada su regulación a una ley orgánica.
7	O apartado 6 do artigo 14 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cita varios colectivos de mulleres de especial vulnerabilidade para os que os poderes públicos terán en consideración as súas singulares dificultades e poderán adoptar medidas de acción positiva. Cal dos seguintes colectivos NON aparece expresamente citado nese apartado: a) Mulleres inmigrantes. b) Nais de familia monoparental. c) Mulleres viúvas.	El apartado 6 del artículo 14 de la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, cita varios colectivos de mujeres de especial vulnerabilidad para los que los poderes públicos tendrán en consideración sus singulares dificultades y podrán adoptar medidas de acción positiva ¿Cuál de los siguientes colectivos NO aparece expresamente citado en ese apartado? a) Mujeres migrantes. b) Madres de familia monoparental. c) Mujeres viudas.
8	Con respecto ao dereito á propiedade privada, sinale a opción correcta: a) Non é susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional. b) É susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Supremo. c) É susceptible de recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.	Con respecto al derecho a la propiedad privada, señale la opción correcta: a) No es susceptible de recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional. b) Es susceptible de recurso de amparo ante el Tribunal Supremo. c) Es susceptible de recurso de amparo ante el Tribunal Constitucional.

Nº	Galego	Castellano
9	Respecto ao Comité Intercentros, o Convenio Colectivo do PAS Laboral da USC establece que: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Constituirase no prazo dun mes contado a partir da data da publicación do Convenio no DOG.</li> <li>b) Terá trece membros representando ás distintas centrais sindicais ou agrupacións electorais.</li> <li>c) Terá un máximo de trece membros representando as distintas centrais sindicais ou agrupacións electorais.</li> </ul>	Respeto al Comité Intercentros, el Convenio Colectivo del PAS Laboral de la USC establece que: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Se constituirá en el plazo de un mes contado a partir de la fecha de la publicación del Convenio en el DOG.</li> <li>b) Tendrá trece miembros representando a las distintas centrales sindicales o agrupaciones electorales.</li> <li>c) Tendrá un máximo de trece miembros representando las distintas centrales sindicales o agrupaciones electorales.</li> </ul>
10	Segundo o artigo 42 dos Estatutos da USC, os procedementos de selección do PAS deberán asegurar, sinale a opción correcta: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) A conexión entre os méritos computables e as probas que se teñen que superar.</li> <li>b) A adecuación do procedemento ás necesidades que deban ser cubertas.</li> <li>c) A presenza equilibrada de mulleres e homes na categoría da que se trate.</li> </ul>	Según el artículo 42 de los Estatutos de la USC, los procedimientos de selección del PAS deberán asegurar, señale la opción correcta: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) La conexión entre los méritos computables y las pruebas que se tienen que superar.</li> <li>b) La adecuación del procedimiento a las necesidades que deban ser cubiertas.</li> <li>c) La presencia equilibrada de mujeres y hombres en la categoría de la que se trate.</li> </ul>
11	O PAS laboral da USC que estea en situación de suspensión provisional terá dereito a percibir: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Unha retribución equivalente á suma dos importes correspondentes a: salario base, pagas extraordinarias e trienios.</li> <li>b) Unha retribución equivalente ao 75% da que lle correspondería estando en servizo activo.</li> <li>c) A mesma retribución que lle correspondería estando en servizo activo, que deberá devolver no caso de que a suspensión provisional se eleve a definitiva.</li> </ul>	El PAS laboral de la USC que esté en situación de suspensión provisional tendrá derecho a percibir: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Una retribución equivalente a la suma de los importes correspondientes a: salario base, pagas extraordinarias y trienios.</li> <li>b) Una retribución equivalente al 75% de la que le correspondería estando en servicio activo.</li> <li>c) La misma retribución que le correspondería estando en servicio activo, que deberá devolver en caso de que la suspensión provisional se eleve a definitiva.</li> </ul>
12	O artigo 3 da Constitución de 1978, define como "patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección", sinale a opción correcta: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España.</li> <li>b) O castelán e as linguas declaradas oficiais polas comunidades autónomas.</li> <li>c) As variedades lingüísticas de España e Hispanoamérica.</li> </ul>	El artículo 3 de la Constitución de 1978, define como "patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección", señale la opción correcta: <ul style="list-style-type: none"> <li>a) La riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España.</li> <li>b) El castellano y las lenguas declaradas oficiales por las comunidades autónomas.</li> <li>c) Las variedades lingüísticas de España e Hispanoamérica.</li> </ul>

Nº	Galego	Castellano
13	<p>Son competencias do Consello de Goberno, cal das seguintes é INCORRECTA segundo os Estatutos da USC?</p> <p>a) O coñecemento dos recursos de alzada que se presenten contra actos de calquera órgano da USC distinto do reitor, o Claustro e o Consello Social.</p> <p>b) Acordo de nomeamento de doutores honoris causa.</p> <p>c) Iniciar o procedemento de creación e supresión dos centros no estranxeiro que impartan ensinanzas de ámbito universitario.</p>	<p>Son competencias del Consejo de Gobierno ¿Cuál de las siguientes es INCORRECTA según los Estatutos de la USC?</p> <p>a) El conocimiento de los recursos de alzada que se presenten contra actos de cualquier órgano de la USC distinto del rector, el Claustro y el Consejo Social.</p> <p>b) Acuerdo de nombramiento de doctores honoris causa.</p> <p>c) Iniciar el procedimiento de creación y supresión de los centros en el extranjero que impartan enseñanzas de ámbito universitario.</p>
14	<p>O plan de igualdade establecido no capítulo III do título IV da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, ten carácter voluntario, con algunhas excepcións, sinala en cal dos seguintes casos o plan é obrigatorio:</p> <p>a) Empresas públicas ou privadas que contén con máis de 20 traballadores.</p> <p>b) Empresas que teñan establecida a obrigatoriedade do plan por convenio colectivo.</p> <p>c) Empresas pertencentes a sectores económicos nos que as diferenzas salariais entre mulleres e homes sexan superiores á media española.</p>	<p>El plan de igualdad establecido en el capítulo III del título IV de la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres, tiene carácter voluntario, con algunas excepciones, señale en cal de los siguientes casos el plan es obligatorio:</p> <p>a) Empresas públicas o privadas que cuenten con más de 20 trabajadores.</p> <p>b) Empresas que tengan establecida la obligatoriedad del plan por convenio colectivo.</p> <p>c) Empresas pertenecientes a sectores económicos en los que las diferencias salariales entre mujeres y hombres sean superiores a la media española.</p>
15	<p>En relación ao número de vicerreitorías da USC, así como a súa denominación e competencias, sinala a opción correcta:</p> <p>a) Establécese por acordo do Consello de Goberno.</p> <p>b) O número de vicerreitorías está fixado nos Estatutos e a denominación e competencias establécense por resolución reitoral.</p> <p>c) Establécese por resolución reitoral.</p>	<p>En relación al número de vicerrectorados de la USC, así como su denominación y competencias, señale la opción correcta:</p> <p>a) Se establece por acuerdo del Consejo de Gobierno.</p> <p>b) El número de vicerrectorados está fijado en los Estatutos y la denominación y competencias se establecen por resolución rectoral.</p> <p>c) Se establece por resolución rectoral.</p>
16	<p>O Secretario Xeral da Universidade será nomeado polo Reitor entre:</p> <p>a) Titulados superiores con recoñecida competencia e experiencia no ámbito da xestión.</p> <p>b) Persoal funcionario do subgrupo A1.</p> <p>c) Persoal funcionario do grupo A.</p>	<p>El Secretario General de la Universidad será nombrado por el Rector entre:</p> <p>a) Titulados superiores con reconocida competencia y experiencia en el ámbito de la gestión.</p> <p>b) Personal funcionario del subgrupo A1.</p> <p>c) Personal funcionario del grupo A.</p>

Nº	Galego	Castellano
17	<p>Con respecto á formación e perfeccionamento para a realización das súas tarefas do persoal que integra o cadro de PAS laboral da USC, sinala a opción correcta:</p> <p>a) As persoas traballadoras que teñan cumpridos polo menos dous anos de servizos efectivos poderán solicitar un permiso co 100% das retribucións por perfeccionamento profesional, por un prazo non superior a dous meses.</p> <p>b) As persoas traballadoras que teñan cumpridos polo menos dous anos de servizos efectivos poderán solicitar unha licenza sen soldo por perfeccionamento profesional, por un prazo non superior a dous meses.</p> <p>c) As persoas traballadoras están obrigadas por lei a manter actualizada a súa formación.</p>	<p>Con respecto a la formación y perfeccionamiento para la realización de sus tareas del personal que integra el cuadro de PAS laboral de la USC, señale la opción correcta:</p> <p>a) Las personas trabajadoras que tengan cumplidos por lo menos dos años de servicios efectivos podrán solicitar un permiso con el 100% de las retribuciones por perfeccionamiento profesional, por un plazo no superior a dos meses.</p> <p>b) Las personas trabajadoras que tengan cumplidos por lo menos dos años de servicios efectivos podrán solicitar una licencia sin sueldo por perfeccionamiento profesional, por un plazo no superior a dos meses.</p> <p>c) Las personas trabajadoras están obligadas por ley a mantener actualizada su formación.</p>
18	<p>Como se aproba a relación de postos de traballo do PAS na USC?</p> <p>a) Por acordo do Consello de Goberno, logo de informe do Claustro, a proposta do Consello Social.</p> <p>b) Por acordo do Consello Social, logo de informe do Claustro, a proposta do Consello de Goberno.</p> <p>c) Por acordo do Consello de Goberno, logo de informe do Consello Social, a proposta da xerencia.</p>	<p>¿Cómo se aprueba la relación de puestos de trabajo del PAS en la USC?</p> <p>a) Por acuerdo del Consejo de Gobierno, después de informe del Claustro, a propuesta del Consejo Social.</p> <p>b) Por acuerdo del Consejo Social, después de informe del Claustro, a propuesta del Consejo de Gobierno.</p> <p>c) Por acuerdo del Consejo de Gobierno, después de informe del Consejo Social, a propuesta de la gerencia.</p>
19	<p>Con respecto aos requisitos establecidos para ser titular de órganos unipersoais, sinala a opción correcta segundo os Estatutos da USC:</p> <p>a) O profesorado deberá estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo e estar en posesión do título de doutor/a.</p> <p>b) O PAS deberá estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo e ter como único emprego o que desenvolva na USC.</p> <p>c) Ningunha das opcións anteriores é correcta.</p>	<p>Con respecto a los requisitos establecidos para ser titular de órganos unipersonales, señale la opción correcta según los Estatutos de la USC:</p> <p>a) El profesorado deberá estar acogido al régimen de dedicación a tiempo completo y estar en posesión del título de doctor/a.</p> <p>b) El PAS deberá estar acogido al régimen de dedicación a tiempo completo y tener cómo único empleo el que desarrolle en la USC.</p> <p>c) Ninguna de las opciones anteriores es correcta.</p>
20	<p>O III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da USC, comprende 6 áreas de actuación, cal das seguintes NON é correcta?</p> <p>a) Cultura institucional.</p> <p>b) Condicións sociosanitarias no traballo.</p> <p>c) Identidade de xénero.</p>	<p>El III Plan estratégico de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres de la USC, comprende 6 áreas de actuación ¿Cuál de las siguientes NO es correcta?</p> <p>a) Cultura institucional.</p> <p>b) Condiciones sociosanitarias en el trabajo.</p> <p>c) Identidad de género.</p>

Nº	Galego	Castellano
21	<p>No artigo 39 dos estatutos da USC establécese o mínimo de cuestións que debe considerar o regulamento do PAS, cal das seguintes NON é correcta ou non figura expresamente citada?</p> <p>a) As normas de xestión do cadro de persoal laboral de administración e servizos.</p> <p>b) O réxime de redución de obrigas por exercicio doutras actividades.</p> <p>c) Os procedementos de control da calidade dos servizos.</p>	<p>En el artículo 39 de los estatutos de la USC se establece el mínimo de cuestiones que debe considerar el reglamento del PAS ¿Cuál de las siguientes NO es correcta o no figura expresamente citada?</p> <p>a) Las normas de gestión del cuadro de personal laboral de administración y servicios.</p> <p>b) El régimen de reducción de obligaciones por ejercicio de otras actividades.</p> <p>c) Los procedimientos de control de la calidad de los servicios.</p>
22	<p>O Convenio Colectivo do PAS Laboral da USC, contempla a posibilidade de acceso a determinadas prazas sen ter a titulación esixida para o grupo correspondente, sinala a opción correcta:</p> <p>a) Pódese acceder, a calquera praza das categorías dos grupos III e IV pero só por promoción interna e sempre que se conte cunha antigüidade efectiva de polo menos seis meses dende a adquisición da categoría de procedencia.</p> <p>b) Pódese acceder, a calquera praza das categorías dos grupos III e IV, polas quendas de promoción interna ou acceso libre, sempre que se acredite a prestación efectiva de polo menos seis meses de servizos noutra categoría de PAS laboral da USC.</p> <p>c) Ningunha das opcións anteriores é correcta.</p>	<p>El Convenio Colectivo del PAS Laboral de la USC, contempla la posibilidad de acceso a determinadas plazas sin tener la titulación exigida para el grupo correspondiente, señale la opción correcta:</p> <p>a) Se puede acceder, a cualquier plaza de las categorías de los grupos III y IV pero solo por promoción interna y siempre que se cuente con una antigüedad efectiva de por lo menos seis meses desde la adquisición de la categoría de origen.</p> <p>b) Se puede acceder, a cualquier plaza de las categorías de los grupos III y IV, por los turnos de promoción interna o acceso libre, siempre que se acredite la prestación efectiva de por lo menos seis meses de servicios en otra categoría de PAS laboral de la USC.</p> <p>c) Ninguna de las opciones anteriores es correcta.</p>
23	<p>Con respecto ao tempo máximo de permanencia dunha persoa como titular dun cargo de vicerreitor, sinala a opción correcta segundo os Estatutos da USC:</p> <p>a) O mandato será de catro anos, e non se poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.</p> <p>b) O mandato será de catro anos, e non se poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos ou alternos.</p> <p>c) Os Estatutos da USC non establecen ningún límite máximo á permanencia nese cargo.</p>	<p>Con respecto al tiempo máximo de permanencia de una persona como titular de un cargo de vicerrector, señale la opción correcta según los Estatutos de la USC:</p> <p>a) El mandato será de cuatro años, y no se podrá ocupar el cargo más de dos mandatos consecutivos.</p> <p>b) El mandato será de cuatro años, y no se podrá ocupar el cargo más de dos mandatos consecutivos o alternos.</p> <p>c) Los Estatutos de la USC no establecen ningún límite máximo a la permanencia en ese cargo.</p>

Nº	Galego	Castellano
24	<p>Mediante o procedemento de redistribución de efectivos, a USC poderá adscribir a un membro do PAS laboral que ocupe un posto non singularizado a outro posto non singularizado que se atope no mesmo municipio, sen necesidade de conformidade por parte da persoa traballadora, sinala a opción correcta:</p> <p>a) Por un prazo non superior a un mes por ano natural.</p> <p>b) Por un prazo non superior a seis meses.</p> <p>c) Con carácter de destino definitivo no novo posto.</p>	<p>Mediante el procedimiento de redistribución de efectivos, la USC podrá adscribir a un miembro del PAS laboral que ocupe un puesto no singularizado a otro puesto no singularizado que se encuentre en el mismo municipio, sin necesidad de conformidad por parte de la persona trabajadora, señale la opción correcta:</p> <p>a) Por un plazo no superior a un mes por año natural.</p> <p>b) Por un plazo no superior a seis meses.</p> <p>c) Con carácter de destino definitivo en el nuevo puesto.</p>
25	<p>No marco das políticas da USC para a igualdade efectiva de homes e mulleres, o Consello de Goberno ten aprobado varios protocolos, cal dos seguintes NON é correcto?</p> <p>a) Protocolo para a introdución da perspectiva de xénero nos plans de estudo dos títulos de grao.</p> <p>b) Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso.</p> <p>c) Protocolo de actuación para os cambios de nome e de mención relativa ao sexo das persoas transexuais, transxénero e intersexuais.</p>	<p>En el marco de las políticas de la USC para la igualdad efectiva de hombres y mujeres, el Consejo de Gobierno ha aprobado varios protocolos ¿Cuál de los siguientes NO es correcto?</p> <p>a) Protocolo para la introducción de la perspectiva de género en los planes de estudio de los títulos de grado.</p> <p>b) Protocolo de prevención y actuación frente al acoso.</p> <p>c) Protocolo de actuación para los cambios de nombre y de mención relativa al sexo de las personas transexuales, transgénero e intersexuales.</p>
26	<p>Cal é o prazo de prescrición dunha falta grave cometida por unha persoa membro do cadro do PAS laboral da USC?</p> <p>a) Dous anos contados a partir de que finalice a comisión da falta.</p> <p>b) Seis meses contados a partir de que finalice a comisión da falta.</p> <p>c) Tres anos contados a partir de que finalice a comisión da falta.</p>	<p>¿Cuál es el plazo de prescripción de una falta grave cometida por una persona miembro del cuadro del PAS laboral de la USC?</p> <p>a) Dos años contados a partir de que finalice la comisión de la falta.</p> <p>b) Seis meses contados a partir de que finalice la comisión de la falta.</p> <p>c) Tres años contados a partir de que finalice la comisión de la falta.</p>
27	<p>Dos seguintes dereitos, cal NON aparece expresamente recollido dentro do Capítulo II do Título I da Constitución Española?</p> <p>a) Dereito de fundación.</p> <p>b) Dereito a gozar dun medio ambiente adecuado.</p> <p>c) Dereito á negociación colectiva entre os representantes dos traballadores e empresarios.</p>	<p>De los siguientes derechos ¿Cuál NO aparece expresamente recogido dentro del Capítulo II del Título I de la Constitución Española?</p> <p>a) Derecho de fundación.</p> <p>b) Derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado.</p> <p>c) Derecho a la negociación colectiva entre los representantes de los trabajadores y empresarios.</p>

Nº	Galego	Castellano
28	<p>Segundo o art. 21.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, cando o empresario non adopte ou non permita adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ante un risco grave e inminente, os representantes legais dos traballadores poden acordar a paralización da actividade dos traballadores afectados, comunicándollelo:</p> <p>a) Nun prazo de 24 horas, á empresa e á autoridade laboral, que anulará ou ratificará a paralización.</p> <p>b) Inmediatamente á empresa e, nun prazo de 24 horas, á autoridade laboral, que anulará ou ratificará a paralización.</p> <p>c) Inmediatamente á empresa e á autoridade laboral, que anulará ou ratificará a paralización nun prazo de 24 horas.</p>	<p>Según el art. 21.3 de la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, cuando el empresario no adopte o no permita adoptar las medidas necesarias para garantizar la seguridad y la salud de los trabajadores ante un riesgo grave e inminente, los representantes legales de los trabajadores pueden acordar la paralización de la actividad de los trabajadores afectados, comunicándosele:</p> <p>a) En un plazo de 24 horas, a la empresa y a la autoridad laboral, que anulará o ratificará la paralización.</p> <p>b) Inmediatamente a la empresa y, en un plazo de 24 horas, a la autoridad laboral, que anulará o ratificará la paralización.</p> <p>c) Inmediatamente a la empresa y a la autoridad laboral, que anulará o ratificará la paralización en un plazo de 24 horas.</p>
29	<p>As comunicacións escritas que se emitan entre dous órganos da USC redactaranse:</p> <p>a) En galego.</p> <p>b) En galego ou en castelán, a elección do órgano emisor.</p> <p>c) En galego, excepto que o órgano receptor solicite que se redacten en castelán.</p>	<p>Las comunicaciones escritas que se emitan entre dos órganos de la USC se redactarán:</p> <p>a) En gallego.</p> <p>b) En gallego o en castellano, la elección del órgano emisor.</p> <p>c) En gallego, excepto que el órgano receptor solicite que se redacten en castellano.</p>
30	<p>Segundo o artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre a protección da maternidade, sinala a opción correcta:</p> <p>a) Se nun posto de traballo existen riscos que poidan influír negativamente na saúde da traballadora embarazada ou do feto, declararase automaticamente o paso da traballadora afectada á situación de suspensión do contrato por risco durante o embarazo.</p> <p>b) Entre as medidas de protección da maternidade, está a prohibición de que a muller embarazada, en ningún caso, realice traballo nocturno.</p> <p>c) As traballadoras embarazadas terán dereito a ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, para a realización de técnicas de preparación ao parto, só se previamente se xustifica a necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.</p>	<p>Según el artículo 26 de la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de prevención de riesgos laborales, sobre la protección de la maternidad, señale la opción correcta:</p> <p>a) Si en un puesto de trabajo existen riesgos que puedan influir negativamente en la salud de la trabajadora embarazada o del feto, se declarará automáticamente el paso de la trabajadora afectada a la situación de suspensión del contrato por riesgo durante lo embarazo.</p> <p>b) Entre las medidas de protección de la maternidad, está la prohibición de que la mujer embarazada, en ningún caso, realice trabajo nocturno.</p> <p>c) Las trabajadoras embarazadas tendrán derecho a ausentarse del trabajo, con derecho a remuneración, para la realización de técnicas de preparación al parto, solo si previamente se justifica la necesidad de su realización dentro de la jornada de trabajo.</p>



### Preguntas de reserva

Nº	Galego	Castellano
31	<p>Segundo o Convenio Colectivo, o PAS Laboral da USC terá dereito a un permiso retribuído por separación de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) 4 días naturais.</li> <li>b) 5 días hábiles.</li> <li>c) 5 días naturais.</li> </ul>	<p>Según el Convenio Colectivo, el PAS Laboral de la USC tendrá derecho a un permiso retribuido por separación de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) 4 días naturales.</li> <li>b) 5 días hábiles.</li> <li>c) 5 días naturales.</li> </ul>
32	<p>Son competencias do reitor, cal das seguintes é INCORRECTA segundo os Estatutos da USC?</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) A execución dos acordos do Consello Social.</li> <li>b) Dirixir e coordinar os servizos económicos e administrativos da Universidade.</li> <li>c) A expedición dos títulos e diplomas propios outorgados pola Universidade.</li> </ul>	<p>Son competencias del rector ¿Cuál de las siguientes es INCORRECTA según los Estatutos de la USC?</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) La ejecución de los acuerdos del Consejo Social.</li> <li>b) Dirigir y coordinar los servicios económicos y administrativos de la Universidad.</li> <li>c) La expedición de los títulos y diplomas propios otorgados por la Universidad.</li> </ul>
33	<p>De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, a prevención de riscos laborais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) poderá incluírse no sistema xeral de xestión da empresa ou, alternativamente, configurarse de modo separado ao sistema xeral de xestión da empresa.</li> <li>b) debe integrarse no sistema xeral de xestión da empresa.</li> <li>c) debe configurarse de modo separado ao sistema xeral de xestión da empresa.</li> </ul>	<p>De acuerdo con la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, la prevención de riesgos laborales:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) podrá incluirse en el sistema general de gestión de la empresa o, alternativamente, configurarse de modo separado al sistema general de gestión de la empresa.</li> <li>b) debe integrarse en el sistema general de gestión de la empresa.</li> <li>c) debe configurarse de modo separado al sistema general de gestión de la empresa.</li> </ul>